



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

## REFUERZO

### SENTENCIA:

CALLE LALIN NUM. 4-2º. VIGO

**NIG:** 36057 44 4 2015 0001524  
N02700

Procedimiento origen: /  
Sobre: CLASIF.PROFESIONAL

**DEMANDANTE/S D/ña:**

**ABOGADO/A:**

**PROCURADOR:**

**GRADUADO/A SOCIAL:**

**DEMANDADO/S D/ña:**

**ABOGADO/A:**

**PROCURADOR:**

**GRADUADO/A SOCIAL:**

## SENTENZA

Vigo, 10 de marzo do 2016.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz en función de apoio ó Xulgado nº 1 de Vigo, o procedemento nº 301/2015 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha pretensión de clasificación profesional e reclamación de cantidades por realización de funcións de superior categoría, pronuncio a presente sentenza. Foron partes no procedemento:

1.- demandantes: e , que compareceron no procedemento no seu propio nome e interese, defendidos pola Graduada Social Dona María José Coello.

2.- demandado: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Letrado do Concello de Vigo Don Jesús Costas.

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** O día 7 de abril do 2015 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma a demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara o dereito dos demandantes a recoñecerelles a retribución salarial correspondente ó Grupo C1 e a facerlle pagamento das cantidades de 1.024,35 euros a cdada un correspondentes ás diferenzas salariais dende novembro do 2014 a marzo do 2015.

**SEGUNDO.-** Admitida a trámite a demanda, sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 13 de novembro do 2015, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda. A parte demandada solicitou que se desestimara a demanda polas razóns que constan na acta do xuízo. A parte demandante solicitou a práctica das probas de interrogatorio de parte,

documental e declaración de testemuñas, da que lle foi admitida a proba documental; a parte demandada solicitou a práctica da proba de documental, proba que foi admitidas.

No trámite das conclusións, as partes mantiveron o contido das súas respectivas alegacións.

**TERCEIRO.-** O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

#### FEITOS PROBADOS

1.- A parte demandante, Don , con DNI nº , ven prestando os seus servizos para o Concello de Vigo como persoal laboral fixo cunha antigüidade do 1 de agosto do 1982, coa categoría profesional de Inspector de Medio Ambiente. Don percibe un salario bruto, incluído o rateo das pagas extras, de 2.261,07 euros. O salario de estrutúrase do seguinte xeito: salario base, 599,25 euros; complemento específico, 766,04 euros; complemento de destino, 394,79 euros; antigüidade C2, 179 euros.

A parte demandante, Don , con DNI nº , ven prestando os seus servizos para o Concello de Vigo como persoal laboral fixo cunha antigüidade do 10 de xaneiro do 1983, coa categoría profesional de Inspector de Medio Ambiente. Don percibe un salario bruto, incluído o rateo das pagas extras, de 2.261,07 euros. O salario de Don estrutúrase do seguinte xeito: salario base, 599,25 euros; complemento específico, 766,04 euros; complemento de destino, 394,79 euros; antigüidade C2, 179 euros. (feitos non controvertidos).

2.- Don e Don teñen a categoría persoal de Inspectores Auxiliares de Medio Ambiente, grupo de titulación C2, consonte ó Cadro de persoal, Presupostario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (documento nº 12 dos achegados polos demandantes no período probatorio).

3.- No ano 2010 o Concello de Vigo transformou os postos de Inspectores, entre eles os de Inspectores Auxiliares de Medio Ambiente, grupo de titulación C2, desenvolvidos polos demandantes, en postos de Inspectores de Medio Ambiente, grupo de titulación C1 (documento 7 A dos achegados pola demandada no período probatorio).

4.- Os demandantes, alomenos dende o 9 de febreiro do 1996 están adscritos ó posto de traballo de Inspector de Medio Ambiente, posto que continuaron a realizar logo da trasnformación referida no ordinal anterior e nos que continuaron no período do que reclaman diferenzas salariais novembro do 2014 a marzo do 2015 (documento 1.3 dos achegados pola demandada, feitos non controvertidos).

5.- As diferenzas salariais entre a categoría do demandantes e a que corresponde a un Inspector de Medio Ambiente Grupo C1 ascenden a 204,87 euros brutos mensuais, 2.868,18 euros brutos anuais. A demandada non lle fixo pagamento ós demandantes das diferenzas salariais dos postos do grupo C2 e C1 dos meses de novembro do 2014 a marzo do 2015 (feitos non controvertidos).



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

6.- A relación laboral se rexea polo Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo.

7.- No Boletín Oficial do Estado de 7 de xaneiro do 2014 publicouse a convocatoria polo sistema de concurso-oposición, promoción interna, de tres prazas de Inspector de Medio Ambiente, entre persoal funcionario e laboral integrado no grupo C2 (documento nº 9 dos achegados polos demandantes, copia do BOE achegada pola demandada).

8.- Esgotouse a vía administrativa previa

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.**- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdicción Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e, fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.

Compre termos en conta que do contido da demanda e da contestación se desprende que as partes non fixeron cuestión verbo da existencia da relación laboral, categoría persoal dos demandantes, posto de traballo que efectivamente desenvolven, o de Inspectores de Medio Ambiente Grupo C1, que perciben o salario correspondente ó grupo C2 e da contía das diferenzas entre o salario que corresponde ó grupo C2 e o que corresponde ó grupo C1. Xa que logo, compre termos como probados estes feitos ó abeiro do contido do artigo 281.3º da Lei de Xuizamento civil, aplicable á xurisdicción social neste punto.

**SEGUNDO.**- Do contido do artigo 39.3 do Estatuto dos Traballadores e do artigo 7 do Convenio Colectivo de aplicación se desprende que no caso de que un traballador da demandada realice funcións de superior categoría ten dereito a percibir as retribucións correspondentes ó tempo que desempeñe o devandito traballo de superior categoría.

Acadamos esta conclusión porque, malia a dicción literal do artigo 7 do Convenio Colectivo, último parágrafo, o certo é que a situación de ambos demandantes non parece ter encaixe nos supostos que prevé o artigo citado, que debe ser interpretado no seu conxunto. Da documental achegada e dos feitos non controvertidos despréndese que os demandantes non se achán nas situacións contempladas nese artigo, senón que desenvolvían un posto de traballo que a demandante decidiu elevar de categoría. Non concorren, polo tanto, situacións de urxencia nin de cobertura de vacante.

Polo tanto, a conclusión que tiramos é que, dado que os demandantes ocupan o mesmo posto de traballo que ocupaban, posto ó que se lle recoñece unha categoría superior, teñen dereito consonte o artigo 39.3 do Estatuto dos Traballadores a percibir as retribucións correspondentes ó posto.

**TERCEIRO.**- Sen embargo, non podemos estimarmos a demanda na súa totalidade. Como xa argumentamos, o demandante non ten dereito ó recoñecemento dunha categoría superior, só á percepción das remuneracións correspondentes cando acredite que desenvolve efectivamente esas tarefas.

Esta conclusión se tira do contido do devandito artigo 7º do Convenio colectivo, que establece que os postos de



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

traballo proveranse con carácter xeral cos mesmos requisitos, condicións e procedementos que os reservados a funcionarios.

O Estatuto Básico do Empregado Público establece a aplicabilidade do seu contido ó persoal laboral no seu artigo 7º ("El personal laboral al servicio de las Administraciones Públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan").

No artigo 19 establece que: "1. El personal laboral tendrá derecho a la promoción profesional. 2. La carrera profesional y la promoción del personal laboral se hará efectiva a través de los procedimientos previstos en el Estatuto de los Trabajadores o en los convenios colectivos". Este artigo ten o seu reflexo no contido do artigo 8º do Convenio colectivo que establece para os procesos de promoción interna o mesmo procedemento que para o persoal funcionario.

O artigo 83 do EBEP citado establece que: "La provisión de puestos y movilidad del personal laboral se realizará de conformidad con lo que establezcan los convenios colectivos que sean de aplicación y, en su defecto por el sistema de provisión de puestos y movilidad del personal funcionario de carrera". Este sistema lígase no artigo 78 do EBEP á provisión dos postos consonte ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Polo tanto, os demandantes que pretendan a consolidación da superior categoría deben acceder a ela por medio do oportuno proceso de selección, xa convocado, e non poden consolidar a categoría superior polo mero desempeño do posto de traballo.

**CUARTO.-** Contra a presente resolución non cabe interpor recurso de suplicación á vista da contía anual da pretensión (tal como establece o artigo 192.3 da Lei Reguladora da Xurisdición Social á vista da contía no cómputo anual das diferenzas salariais entre ambos postos de traballo), do que se advertirá ás partes.

DAQUELA

### **XULGO**

ESTIMO PARCIALMENTE a demanda presentada por Don e Don contra o Concello de Vigo. CONDENO ó Concello de Vigo a facerlle pagamento a cada un dos demandantes da cantidade de 1.024,35 euros en concepto de diferenzas salariais dos meses de novembro do 2014 a marzo do 2015.

Notifíquese a presente resolución ás partes facéndolles saber que é firme e que contra a mesma non cabe recurso.

Emítase testemuño desta resolución para a súa unión ó procedemento do que trae causa e lévese o orixinal ó Libro de Sentenzas deste Xulgado.

Así por esta sentenza o pronuncio, mano e asino.



ADMINISTRACIÓN  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

**Publicación.**— Dada, leída e publicada foi a anterior sentenza polo Sr. Maxistrado-Xuíz que a suscribe no día da data, celebrando audiencia pública e á miña presenza, Secretario, do que dou fe.

